




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Ortigueira. Concello: Ortigueira; Cariño. Parroquia: San Martiño de Luama e Santa Marta de Ortigueira ao noroeste; Santiago de Cuiña ao oeste; San Paulo dos Freires ao sueste; San Xulián de Senra e Santa María de San Claudio ocupando o sector central; Santiago de Mera de Abaixo ao sudoeste; e Santo Adrao de Veiga, San Pedro de Feás e Santiago de Landoi, de sur a norte, no sector máis occidental. Extensión: 40,94 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Forma parte da ría de Ortigueira. Unidade moi chá, con relevos pouco contrastados. Rede fluvial abundante e meandriforme sobre a chaira costeira. Esta chaira favoreceu o ategamento posterior á invasión mariña, con sedimentos fluviais que modelaron extensas chairas intermareais e marismas. Entre esta unidade e a de Ladrado, unha dobre frecha areosa axudou o aceleramento do ategamento en ambos os dous aparatos de esteiro. Esteiro lobulado e disimétrico, pois cara ao oeste toca co bloque elevado de Capelada e cara ao leste posúe vertentes máis graduais e compartimentadas. A desigual potencia das arterias fluviais condiciona a profundidade dos pequenos vales abertos cara ao sur. O río Mera queda postergado ao prelitoral por un estreitamento inicial. Aspecto labiríntico da unidade pola rede de fracturas principais, creando enseadas secundarias con marismas e chairas intermareais de notable tamaño (Río Maior e Esteiro). Inclúe os EIX Marismas da Ría de Ortigueira e Dobre frecha areosa de Morouzós.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Desenvólvese o típico bandeado zonal en orientación NNE-SSO, compoñéndose este, de leste a oeste, por: unha secuencia grauvaco-fíltica do Silúrico do Olló de Sapo, que ten encaixada, á súa vez, cuarcitas; segue, cara ao oeste, a unidade de xistos, talcoxistos e cloritoxistos de igual idade e dominio -con algúns encraves de ortoanfibolitas, serpentinitas, cuarcitas e diques de cuarzo-; un gneis de dúas micas Cámbrico pertencentes ao Complexo de Cabo Ortegá, que alcanza a península das puntas de Sartán e Frades; sucédense, finalmente, na parte máis occidental, pertencentes ao mesmo Complexo, sectores de neises bandeados, anfibolitas, ecloxitas e metabasitas, entre os que se dan fronte de cabalgamento e pregamentos. Na esquina noroeste da unidade paisaxística aparecen os materiais ultrabásicos serpentinizados do citado Complexo. Nos sedimentos holocenos, moi abundantes destacan os aluviais e coluvial nas chairas costeiras e os de marisma na zona intermareal.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A maior parte da unidade pertence ao dominio Cálido e Seco con temperaturas medias anuais superiores a 14°C (amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C) e precipitacións entre 800 mm e 1000 mm. Cara aos bordos da unidade hai un incremento das precipitacións medias anuais, debido ao incremento da altitude, que poden alcanzar os 1400 mm no Monte da Herbeira, definindo a área do dominio climático húmido.

OS SOLOS

Diversidade edáfica na que partindo dos solos costeiros, se observa unha catena dende o fondo de val á cabeceira. Arenosoles álbicos no extremo occidental da dobre frecha de Morouzós e enclaves de fluvisoles arénicos. Solos incipientes tipo sapropel que evolucionan a fluvisoles tíonicos e sálicos na área de marisma da parte interna do esteiro. Antrosolos principalmente ao redor da área urbana de Ortigueira. Nas ladeiras de escasa pendente e máis próximas ás marxes do esteiro desenvólvese fluvisoles dístricos que entran en contacto con cambisoles (en ocasións con procesos de gleificación) e sobre todo acrisoles órticos. Na vertente os solos son progresivamente menos profundos e fértiles orixinando umbrisoles dístricos e regosolesde cabeceira.


AS AUGAS

Ampla unidade de esteiro caracterizada pola súa complexa rede fluvial. O val máis importante en canto a extensión é o formado polo Río Maior que desemboca no extremo sur da unidade, ao igual que os seus veciños de menor entidade os arrosios Punxás da Armada e da Croa. Máis cara ao oeste desauga o Río Mera, na enseada do mesmo nome á que tamén chega o Rego do Casón. A última achega fluvial destacable é o Río de Landoi que como os anteriores desemboca nunha pequena enseada. Todo o conxunto de augas continentais verten á masa de Augas de Transición da Ría de Ortigueira (20475).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Liña de costa, intermareal e tramos da chaira costeira quedan dentro do LIC Ría de Ortigueira e Ladrado. Destacan os hábitats 1110, 1130 e 1140, esteiros e bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais; e as marismas (grupo 13). Hai cantís baixos co hábitat 1230, acantilados mariños atlánticos. A dobre frecha de Morouzós suma hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. Existe potencial para o 2230, dunas con céspedes de Malcolmietalia e o 2260, dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. A horizontalidade e os numerosos cursos favorecen os bosques de ribeira (91E0), destacando os de Río Maior, Rego da Croa, Rego do casón, Rego do Mallo, Río de Landoi, e chairas da Enseada de Esteiro, San Claudio e Senra. Abundan os prados hidromorfos (6420 e 6430). Son habituais os rodais de recolonización nas agras da ría. Algunhas vertentes teñen masas mixtas. Conta con citas do taxon Festuca brigantina subsp. actiophyta.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade presenta un mosaico de usos que se organiza ao redor da ría a xeito de envolvente. As terras de cultivo, cun parcelario fragmentado, tapizan as terras baixas e fértiles próximas á ría e ás canles dunha rede fluvial densa e complexa. Flanqueando o mosaico agrícola de policultivo e ao longo da orla de modestos relevos que circunscriben a unidade, as manchas de bosque de repoboación ocupan a práctica totalidade das súas ladeiras. Este uso forestal chega a ocupar zonas lindantes á fronte de ría, como nas proximidades de Ortigueira. Entre as desembocaduras dos ríos Landoi e Mera proxéctase unha lingua de terra, Punta de Fornelos, cara ao interior da ría que acolle humidaes intercalados por usos agrícolas e forestal. O uso residencial organízase ao redor das localidades de Sta. Marta de Ortigueira ao N da unidade, S. Claudio e Santiago de Mera e un conxunto de núcleos de menor entidade que creceron ao redor das vías de comunicación como Senra, ou Nogueirido.

MORFOLOXÍA

Os asentamentos concéntranse, maioritariamente, ao longo da franxa costeira, en terras de menor pendente deixando as ladeiras máis pronunciadas ao uso forestal, e a partir dos diferentes vales xerados pola rede hidrográfica que desauga ao interior do esteiro. A vila de Ortigueira, situada no bordo costeiro do NE da unidade, a pé do esteiro, constitúese como o principal núcleo de identidade litoral da ría cun ámbito periférico ben definido. O resto dos asentamentos, que inicialmente se concentraban en pequenos núcleos vinculados ao uso agrario das terras, vaíse estendendo á marxe destes, de forma ramificada ao redor dos camiños ou estradas ocupando parcelas de cultivo e así mesmo as zonas de humidaes, predominando o disperso fronte ao núcleo compacto. A estrada N-642/AC-862 aglutina ao longo do seu trazado perimetral ao redor da Ría os novos crecements detectados no interior da unidade.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede primaria básica de estradas está representada pola N-642/AC-862 que permite a conexión das entidades poboacionais existentes. Esta estrada percorre, de forma paralela, todo o perímetro da ría, dende Mera ao O ata Santa Marta de Ortigueira no E. Dende a Ponte de Mera cara ao norte é a estrada AC-1051 a que fai as funcións de conectividade cara ao norte en busca do Cabo Ortegá. Un conxunto de vías de entidade menor entretécen a rede, conectándose de forma perpendicular á citada AC-862. Pola súa banda, o trazado ferroviario de FEVE discorre paralelo ao litoral, atravesando no extremo oriental o húmido de Ortigueira-Ladrado. Na vila de Ortigueira sitúase o porto de longa tradición que comparte os usos pesqueiros e recreativos e a partir do cal se produce o desenvolvemento do núcleo anexo. Foi durante a Baixa Idade Media, cando Afonso X lle concedeu privilexios para desenvolver o comercio co estranxeiro, o cal supuxo un importante impulso para o crecemento da vila.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Existe un extenso patrimonio cultural, que se concreta nunha multitude de elementos patrimoniais de carácter diverso. En canto á arquitectura relixiosa: igrexas, casas reitorais, cemiterios e capelas; elementos de carácter etnográfico: hórreos, fontes, cruceiros e muíños. En arquitectura civil, cabe destacar o Pazo de Brandariz en Ortigueira, o dos Barreiros en San Clodio ou o de Riomaor en San Xíao de Senra; escolas, hospitais, e vilas residenciais, biblioteca, asilo, en particular en Ortigueira, onde se concentra o maior número de elementos sobresalientes. Varias escolas, na parroquia de Cariño, San Clodio, Santo Adrián de Veiga ou Cuiña, merecen mención especial. Toda a unidade aparece salpicada de depósitos arqueolóxicos representados por castros prerromanos de localización costeira que cobren o perímetro do esteiro, e tres dos cales logo foron fortalezas: castelo da parroquia dos Freires (BIC), emblemático castelo do Campo da Torre (BIC), castro de Chouso, castro de Xestal, A Volta dos Castros, castro de Mera, Os Castros, castro de Montoán, castro de Canela e castelo de Casón (BIC) (de E a O) entre outros.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade está caracterizada pola extraordinaria composición paisaxística que constitúe a labiríntica Ría de Ortigueira na que se suceden enseadas, marismas, bancos areosos e lamacentos que achegan unha rica paleta cromática que contrasta vivamente coa lámina de auga e o fondo verde dos relevos que a circundan encadrando un escenario paisaxístico de enorme valor. A rede fluvial, é o elemento que ordenou cultivos e asentamentos ata definir un mosaico agrario que ocupa as zonas planas e máis fértiles da zona. Os asentamentos distribuíronse na zona de máis atracción para a poboación, o ámbito da Ría, apoiando o seu crecemento nos eixes viarios presentes na zona.

DINÁMICA DA PAISAXE

Esta unidade presenta unha clara dinámica de substitución do mosaico agrícola derivada de dous procesos ben identificados: Por un lado o crecemento residencial disperso alleo aos núcleos primixenios ou tradicionais, ocupando as terras de labor, en proceso de abandono, ao redor de camiños e estradas, nas cotas máis baixas; e por outro, un aumento da superficie ocupada pola explotación forestal.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Unidade de alto valor paisaxístico que comparte o conxunto da Ría de Ortigueira e Ladrado, unha das de maior singularidade da comarca das Rías Altas. Os valores ambientais que presenta a unidade son recoñecidos por diversas figuras de protección que abranguen o esteiro na súa totalidade e parte do sector terrestre, ben delimitado por coincidir esta delimitación co trazado da estrada N-642: Humidal Protexido polo convenio internacional RAMSAR, LIC e ZEPA segundo a Directiva Hábitat, Humidal Protexido e ZEPVN segundo a Lei galega de espazos protexidos e considerado ademais como Espazo de Interese Xeomorfolóxico. Á marxe dos valores ambientais que estas figuras representan, existen outros derivados da intervención humana sobre o territorio que complementan os anteriores e realzan o valor do conxunto da unidade. Así por exemplo, o amplo abano de elementos patrimoniais que se atopan ao longo e ancho deste territorio, representados en depósitos arqueolóxicos, elementos patrimoniais relixiosos, civís, industriais, etnográficos e folclóricos. Un magnífico exemplo, é a propia vila de Ortigueira, a cal concentra moitos dos elementos sinalados e por iso, ademais de pola súa característica personalidade vinculada ao ámbito costeiro, foi considerada como un Núcleo de Identidade do Litoral. Por outro lado, indicar que esta vila é coñecida internacionalmente pola celebración folclórico-musical do Festival do Mundo Celta durante as primeiras datas do mes de xullo. O pequeno núcleo da Garita, no extremo noroccidental da unidade, na marxe esquerda da desembocadura da Ría de Ortigueira, tamén foi considerado como Núcleo de Interese do Litoral xa que malia as súas escasas dimensións mantén unha estrutura plenamente tradicional ligada ao porto pesqueiro sobre o que se asenta ademais de albergar un importante número de valores patrimoniais, como o Casarío do Pazo, igrexa parroquial de Santo Estevo e rambla portuaria. As numerosas elevacións presentes, que de forma perimetral marcan este espazo, propician unha lectura global do territorio, dende cada un destes fitos ou puntos de observación natural, aínda que a xeometría perimetral da unidade posibilita a contemplación tamén dende o bordo interno, nas proximidades do esteiro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos espontáneos situados no tramo comprendido entre o Monte de Viduelos e o Río Maior, desvinculados das funcións urbanas e rurais, e incluíndo as instalacións industriais existentes, co obxecto de minimizar a presión sobre perfil acantilado, compatibilizar ambos os dous tipos de usos integrándoos a través dos espazos baleiros existentes e evitar a banalización da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantís / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:37.169

0 100 200 400 600 800
Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



